

**GUIÓN DA MATERIA DE PRACTICUM**  
**MESTRADO UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN, XESTIÓN E INNOVACIÓN DE**  
**INSTITUCIÓNS ESCOLARES**  
**FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## PROCEDEMENTO DE PRACTICUM

- Ter convenio asinado co centro educativo (responsabilidade da coordinación do Mestrado).
- Entregar ao centro educativo durante o período de prácticas:
  - o Proxecto formativo (ten que estar cuberto e asinado por o/a titor/a do centro educativo, polo/pola estudante e polo profesorado titor de prácticas da UDC). Enviar unha copia á coordinación do mestrado (mestrado.dixin@udc.es).
  - o Documento de protección de datos (ten que estar asinado polo/a estudante). Darlle unha copia ao centro educativo e outra á coordinación do Mestrado (mestrado.dixin@udc.es).
- Avaliación:
  - o Informe titor/a académico/a (da UDC) de prácticas externas.
  - o Informe titor/a profesional (do centro educativo) de prácticas externas.

## GUION PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA DE PRACTICUM

### Aspectos formais:

- A Memoria de Practicum debe realizarse no formato establecido pola UDC, debendo manter as condicións establecidas nel (tipo de letra: Arial 10; entreliñado 1,5 liñas e liñamento xustificado).
- Extensión: entre 10 e 20 folios polas dúas caras, máis os anexos.
- A Memoria ten que estar asinada polo/a estudante e ser entregada ao profesorado titor da UDC con anterioridade á data establecida no calendario académico de final de segundo cuadrimestre.

### Contido:

- Débese dar resposta a cada un dos apartados establecidos na Memoria:
  - o Introducción (contexto, características xerais e estrutura organizativa do centro educativo no que se realizan as prácticas).
  - o Descrición concreta e detallada das tarefas realizadas (organizadas temporalmente ou por temáticas)
  - o Valoración das tarefas desenvolvidas e os coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios recibidos (análise e reflexión sobre o significado das experiencias a nivel profesional, poñéndoas en relación coas aprendizaxes acadadas nas diferentes materias do mestrado).
  - o Relación dos problemas atopados e dos procedementos seguidos para resolvelos.
  - o Identificación das melloras que, en materia de aprendizaxe, supuxo a estadía de prácticas.
  - o Avaliación final das prácticas e suxestións.
  - o Referencias bibliográficas: só se recollerán as referencias que foron citadas ao longo da Memoria (documentación, páxinas web,...) e organizarase seguindo algún dos formatos recomendados para a redacción de citas bibliográficas (normativa APA).
  - o Anexos (se proceder): no caso de incorporar anexos incluírase aquela documentación que sirva para fundamentar e ampliar o contido da Memoria. Debe facerse referencia eles no propio texto e ir numerados.